

Honran a Rosalía de Castro no aniversario do seu nacemento

24.02.2012 A Asociación de Escritores en Lingua Galega organiza lecturas en 17 concellos

SANTIAGO DE COMPOSTELA. E.P.

Personalidades do mundo da política e da cultura, así como público en xeral, homenaxearon ao longo deste venres en distintos puntos de Galicia a figura de Rosalía de Castro no 175 aniversario do seu nacemento.

Así, o acto central tivo lugar no Hostal dos Reis Católicos, na capela da cal foi bautizada a poeta galega, organizado pola Fundación Rosalía de Castro en colaboración coa Xunta, a Deputación de A Coruña e os concellos de Santiago e Padrón.

No transcurso deste evento, ao que asistiu, entre outros, o conselleiro de Cultura, Jesús Vázquez, léronse poemas da autora padronesa, nalgúns casos acompañados de interpretacións musicais.

O concello de Santiago organizou tamén outro acto conmemorativo ás 18.00 horas na Praza de Vigo, onde realizou unha ofrenda floral ante o monolito instalado na súa honra.

LECTURAS POR TODA GALICIA

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) programou para esta xornada un extenso programa de actividades, ademais de animar a todos os galegos a conmemorar este día regalando un libro e unha flor.

En particular, a AELG fixo actos reivindicativos en Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Ferrol, Vigo, A Rúa (Ourense), Pontevedra, A Estrada (Pontevedra), Monforte (Lugo), Baiona (Pontevedra), Allariz (Ourense), Redondela (Pontevedra), Outes (A Coruña), Oleiros (A Coruña), Muxía (A Coruña) e O Carballiño (Ourense).

En cada un destes actos deuse lectura a un manifesto elaborado para a ocasión, no que a AELG solicitou a difusión do coñecemento da obra da autora galega, en especial entre as xeracións máis novas.

A Asociación Cultural Alexandre Bóveda de A Coruña decidiu tamén conmemorar esta data cunha homenaxe na que participaron Pilar García Negro, que falou sobre a figura da poeta, e Cesar Morán, que leu algún dos seus poemas.

Finalmente, en numerosos concellos galegos tiveron lugar ao longo do día lecturas dos poemas de Rosalía, que centrou tamén xornadas especiais na práctica totalidade dos centros educativos de Galicia.